

A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

REPASO A TRAVÉS DOS SEUS TEXTOS

Profesora: Laura Villar Gómez

Introducción

Ó longo da seguinte presentación imos repasar o que xa aprendiches sobre a Primeira Guerra Mundial, chamada no seu tempo “A Gran Guerra”.

Para facer este repaso imos empregar textos característicos de cada unha das etapas do conflito, para rematar cun comentario guiado dun texto histórico.

Recorda que os textos son unha das principais ferramentas que o ser humano ten para estudar a súa propia historia. Textos coma os diarios, periódicos, cartas ou artigos poden, co tempo, converterse en importantes testemuñas do que un día aconteceu.

A Primeira Guerra Mundial. Causas

- ▶ Recorda que unha das principais causas da Primeira Guerra Mundial foi o imperialismo, e as consecuencias que este trouxo consigo. Fíxate no texto:

"O Imperio Alemán converteuse nun Imperio mundial. Por todas partes, nas rexións máis remotas do globo, viven millóns de compatriotas nosos. Os produtos alemáns, a ciencia alemá, o espírito de empresa alemán atravesan os océanos. As riquezas que Alemaña transporta a través dos mares cífranse en miles de millóns. A vós incúmbevos, señores, o deber de axudarme a suxeitar solidamente esta gran Alemaña á nosa patria."

Discurso de Guillermo II. 1896, 25º aniversario do imperio.

- ▶ Por se non o recordas ben, podes repasar os contidos no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=BXOdY6JsUJQ>

As alianzas dos países en conflito

- ▶ Antes de que comezara a guerra, recorda que os países construíran entre eles unha serie de alianzas, que atoparás neste mapa:



“As súas Maxestades o Emperador de Austria e Rei de Hungría, o Emperador de Alemaña, Rei de Prusia, e o Rei de Italia, animados do desexo de aumentar as garantías da paz xeral, de fortificar o principio monárquico (...), acordaron a conclusión dun tratado (...):

- Art. 1. (...) comprométense reciprocamente paz e amizade, e non entrarán en alianza ou compromiso algún dirixido contra calquera dos seus Estados (...).
- Art. 2. No caso de que Italia, sen mediar provocación directa pola súa banda, fose atacada por Francia por calquera motivo, as outras dous Partes contratantes estarán dispostas a prestar á Parte atacada socorro e axuda con todas as súas forzas. A mesma obrigaón incumbirá a Italia en caso dunha agresión, non directamente provocada, de Francia contra Alemaña.

Feito en Viena, o 20 de maio de 1882.

O estalido da guerra: 1914

- Recordas cal foi o desencadenante da guerra?



- A noticia tivo moita repercusión a nivel mundial:

DE TODO EL MUNDO, POR CORREO, CABLE, TELÉGRAFO Y TELEFONO

ABC

DE TODO EL MUNDO, POR CORREO, CABLE, TELÉGRAFO Y TELEFONO

EDITADO POR LA EMPRESA PERIODISTICA «PRENSA ESPAÑOLA»

LAS TRAGEDIAS DEL IMPERIO AUSTRIACO

ASESINATO

DEL ARCHIDUQUE HEREDERO Y DE SU ESPOSA

DOS ATENTADOS EN SARA'EVO.—AL IR A UNA RECEPCION: UNA BOMBA.—AL VOLVER A PALACIO: CINCO TIROS

Imagen 4. Encabezado de la página 5 de *Diario ABC* del 29-06-1914

EL NOROESTE

PRECIOS DE SUSCRIPCION (EN DOLARES)

La Coruña. Se publica los días martes y viernes. Contiene noticias locales y de interés general. Precio de venta: 10 céntimos.

Fundador: D. JOSE LOMBARDERO

LA CORUÑA

Martes 30 de Junio de 1914.—\$10.000

MÁS SANGRE

EN LA INTIMIDAD

LÓPEZ DE GOMARA

Imagen 8. Cabecera de *El Noroeste* del 30-06-1914

HERALDO DE MADRID

El atentado de un protestante.

El archiduque heredero y su esposa, muertos.




Imagen 2. Portada de el *Heraldo de Madrid*, 29-06-1914

La Voz de Galicia

Fundador: D. J. FERNÁNDEZ LATORRE

Los días 29 de Junio de 1914

UN TERRIBLE ATENTADO

EL ARCHIDUQUE HEREDERO DE AUSTRIA Y SU ESPOSA, MUERTOS A BALAZOS

Salen ilesos de una agresión con dinamita y perecen después a tiros

La visita del "Patria"


La infanta Isabel

Imagen 6. Cabecera del 29-06-1914 de *La Voz de Galicia*

- ▶ E non só no noso país. Deste xeito, os periódicos pasaron a converterse tamén en documentos históricos



2



3



8



9



- ▶ De xeito, durante todo o transcurso da guerra, os periódicos e outros medios de comunicación foron informando ós distintos países do que ía acontecendo. Podes consultar diferentes portadas no seguinte enlace:

<https://www.fundacionareces.es/recursos/doc/porta1/2018/03/20/1914-eu-guerrapdf.pdf>

A guerra de movementos

- ▶ Europa converteuse nun campo de batalla. Fronte a iso, a xente loitaba contra a guerra buscando nas súas vidas un ápice de normalidade, como poderás observar no seguinte texto (recorda que en 1914 as tropas alemás atopábanse a tan só 40 km de París, o que fai máis sorprendente a seguinte testemuña):

"Vivir en París durante a Primeira Guerra Mundial era máis ou menos como vivir na liña da fronte. Durante a guerra, París era un lugar perigoso para vivir. O problema fundamental eran os bombardeos inimigos. (...) Un segundo perigo era a presenza na cidade de talleres e fábricas de armamentos. Cando se producían accidentes, bloques enteiros de apartamentos quedaban reducidos a entullos. (...) En xeral, durante a guerra a vida en París era gris e monótona. Restrinxíase o uso da iluminación pública e a privada, e había tan pouco carbón para a calefacción hogareña que durante moito tempo perdurou o recordo dos invernos pasados tremendo de frío. (...) O único que non se racionaba era a diversión. Tras unha suspensión inicial, en 1914, os cinemas e os teatros foron abrindo, aos poucos. O Moulin Rouge (...) reabriu as súas portas o 28 de novembro de 1914, cunha serie de actos patrióticos."

As trincheiras

- ▶ Os seguintes textos son fragmentos de cartas que enviaban os soldados dende as trincheiras

“Non teño a máis remota idea de para que debemos seguir loitando, quizais para que os xornais poidan publicar unha historia que non é a real... Quen desexa que a guerra continúe non pode ser chamado nunca máis 'ser humano'. A desesperación non pode ser maior en territorio inimigo, así como en casa. Só pode quedar xente que non ten idea de todo isto”.

Carta desde a fronte occidental datada o 17 de outubro de 1914

“Mentres lles escribo estas liñas, ás 20 horas, oito soldados son enterrados xuntos nunha fosa común. Hoxe un disparo no peito, mañá na fría tumba. Un disparo deu de cheo nunha caseta. Eses oito eran parte dun equipo de 15 bravos soldados, que antes de que se desen conta xa estaban mortos. Unha cousa de todos os días”.

Carta aberta do profesor católico Schäfer do 6 de abril de 1916 á súa antiga clase.

1917: entrada dos EEUU e fin da guerra

- ▶ En 1917 o deterioro da guerra era evidente. Podes ler sobre isto no seguinte texto:

Ao longo de 1917, a práctica totalidade das nacións europeas comprometidas na guerra atravesou serias dificultades de orde política expostas por causas económicas, sociais e militares. (...) En Francia o problema non era soamente político e económico, senón tamén militar. Os anos de guerra de trincheiras esgotaran a moral do exército francés. Demasiado próximos á retagarda como para non darse conta da súa mísera condición, os soldados galos habían ido incubando un resentimento que se plasmou nos motíns de 1917. (...) Durante a primavera de 1917, (...) comezaron a producirse motíns nalgunhas unidades francesas. Pronto se estenderon pola fronte. Os soldados protestaban pola forma en que se conducía a guerra, na que eran sacrificados sen beneficio, e negábanse a combater. O perigo dun desmoronamento da fronte era evidente.

J. Gil Pecharromán

- ▶ Ante esas dificultades, EEUU decide entrar na guerra:

“Non estamos en contra do pobo alemán, senón do despotismo militar de Alemaña. Debemos combater para salvagardar a democracia (...). Resulta terrible lanzar a este grande e pacífico pobo a unha guerra, a máis terrible e desastrosa que xamais existise, debido a que nela se ventila a existencia da mesma civilización. Pero o dereito é máis valioso que a paz, e nós imos combater por aquelas cousas que sempre foron máis caras aos nosos corazóns: polo dereito que teñen os gobernados a que se oian as súas voces no propio goberno, polos dereitos e liberdades das pequenas nacións e por unha organización baseada no dereito, integrada por unha cordial alianza entre os pobos libres, que ofrezca paz e seguridade a todas as nacións e dea, finalmente, a liberdade ao mundo (...).”

Declaración do presidente Wilson no Congreso dos Estados Unidos
(2 de abril de 1917)

A guerra total

- ▶ A incorporación da muller ó traballo



As consecuencias da guerra

- ▶ Lonxe do que tradicionalmente ensinan as películas e libros de guerra, as consecuencias dunha guerra sempre son dramáticas. Mortes, economía en crise, traumas de guerra, cidades devastadas.

É preciso coñecer ben a historia para intentar non repetir os mesmos erros.

Cariño mío,

Agora, se non hai problemas, vas saber todo acerca do que ocorre aquí. Sei que levarás unha gran sorpresa cando che chegue esta carta... Se algunha autoridade a ve!

Quizá che gustase saber como está o ánimo dos homes aquí. Ben a verdade é que (e como che dixen antes, fusilaríanme se alguén de importancia lese esta misiva) todo o mundo está totalmente farto e a ningún quédalle nada do que se coñece como patriotismo. A ninguén lle importa nada se Alemaña ten Alsacia, Bélxica ou Francia. O único que quere todo o mundo é acabar con isto dunha vez e irse a casa. Esta é honestamente a verdade, e calquera que estivese nos últimos meses dirache o mesmo. De feito, e isto non é unha esaxeración, a maior esperanza da gran maioría dos homes é que os disturbios e as protestas en casa obriguen ao goberno para acabar como sexa. Agora xa sabes o estado real da situación.

Eu tamén podo engadir que perdín practicamente todo o patriotismo que me quedaba, só quédame o pensar en todos os que estades alí, todos aos que amo e que confían en min para que contribúa ao esforzo necesario para a vosa seguridade e liberdade. Isto é o único que me mantén e da forzas para aguantar.

Deus che bendiga, e a todos os que amo e me aman, porque sen o voso amor e confianza, desfalecería e fracasaría. Pero non te preocupes corazón meu porque continuarei ata o final, sexa bo ou malo.

Laurie

a 5 de febreiro de 1918

“Nosotros no hemos querido esta guerra. Los que la han desencadenado, déspotas con propósitos sanguinarios, con sueños de hegemonía universal, recibirán su castigo. No solo el estertor de los moribundos, los clamores de los sufrimientos de los heridos subirán hasta ellos como reprobación universal, sino el relámpago de odio que se encenderá en las miradas de las madres, de los huérfanos y de las viudas.”

Léon Jouhaux, anarcosindicalista de la CGT francesa. 4 de agosto de 1914.

“(...) Según comunican de Sarajevo, capital de Bosnia, en dicha población han sido hoy (día 28) víctimas de un atentado criminal el archiduque heredero del Trono de Austria, Francisco Fernando, y su esposa, la condesa Chotek de Chotkowa, duquesa de Hohenberg (...) Aunque (...) Faltan muchos pormenores relativos a la forma en que se perpetró el atentado, el relato telegráfico desde Sarajevo da idea muy completa de toda la magnitud de la tragedia (...) Una vez terminada la recepción, el archiduque Francisco Fernando y la condesa Sofía volvieron a ocupar el automóvil para trasladarse a Konak (...) De repente, un joven empuñando una pistola Browning llegó hasta el automóvil e hizo cinco disparos, primero sobre el archiduque y después sobre su esposa (...) los dos heridos fueron trasladados a Konak, en donde se les prodigó todo género de auxilios. Desgraciadamente, todo ello resultó inútil, y los dos esposos (...) fallecieron a los pocos momentos de llegar a Palacio (...) Llámase el agresor Princip, tiene diecinueve años, es estudiante del último del Liceo (instituto) y es natural de Grahovo (...).”

ABC, lunes 29 de junio de 1914.

La vida en las trincheras: carta de un soldado francés desde Verdún (1916). Estos tres días pasados acurrucados en la tierra, sin beber ni comer: los heridos quejándose, después el ataque entre los boches y nosotros, después, al fin, paran las quejas; y los obuses que destrozan los nervios, sin un minuto de respiro; y las terribles horas pasadas con la máscara y las gafas en el rostro, ¡los ojos lloran y se escupe sangre!, después los camaradas se van para siempre: noticias fúnebres se transmiten de boca en boca en el agujero.

Artículo 1°. Alemania, Austria-Hungría, Bulgaria y Turquía, por una parte, y Rusia, por la otra parte, declaran que el estado de guerra entre ellas ha concluido. Están determinando a vivir, de ahora en adelante, en paz y mutua amistad.

Artículo 2°. Las partes contratantes cesarán toda agitación o propaganda contra el gobierno, o la organización del Estado y del ejército de las otras partes.

Artículo 4°. Alemania está dispuesta, tan pronto como se haya concluido la paz general y se haya realizado la completa desmovilización rusa.

Artículo 5°. Rusia realizará la completa e inmediata desmovilización de su ejército, incluidas aquellas partes del ejército recientemente formadas por el gobierno actual.

Fragmento del Tratado de Brest-Litovsk.

Paz firmada entre Alemania, Austria-Hungría, Bulgaria, Turquía y Rusia, el 3 de marzo de 1918.